



13^a CIRCULAR FAMILIAS (5^a)

Curso 2019 - 20

Vigo a, 15 de abril de 2020

Estimadas familias de 1º:

Esta circular é para explicarvos un pouco a dinámica que imos seguir estas próximas semanas.

Todos os luns mandareivos a **ORGANIZACIÓN DA SEMANA**.

- Sempre haberá tarefas de lectura en galego e en castelán. De momento utilizaremos os libros de lectura: Como cambia el cuento (está no cole, pero farei fichas coas lecturas) e Vento ventiño, venteiro (o tedes na casa). Máis adiante poderíamos utilizar o libro do 3º Trimestre de Lingua (está na vosa casa) e outras propostas.
- En matemáticas nun primeiro momento farei fichas de repaso de exercicios e conceptos de matemáticas (que podedes seleccionar e facelas na libreta ou os que podan, imprimilas) e xa veremos a posibilidade de aproveitar algo do libro do 3º Trimestre.
- Traballaremos diferentes materiais de Desarrollo da Intelixencia (xa as estabamos facendo na aula), de Educación Emocional, habilidades básicas...
- Proxectos de Sociais e Naturais (podemos aproveitar os libros que tedes na casa)
- Actividades de plástica, música e Educación Física. Así como diferentes “retos”.
- Cada semana haberá un reto-sorpresa e logo faremos una presentación

Xa sabedes que todo son propostas que iredes ou iremos adaptando as circunstancias de cadaquén.

Hoxe envíoovos a planificación destes dous días e tamén todas as fichas de matemáticas (son dous documentos diferentes) para facilitárvolas, pero non hai que facelas ata que as vaia programando. Calquera proposta que teñades ou necesidades de algún material non dubide des en dicirlo.

Apertas, MªJosé